

Por resolución da Xerencia do 6 de novembro de 2024, convócase proceso de selección para elaborar unha listaxe de espera **da categoría profesional médico de empresa, grupo I, do cadro de persoal laboral**, da Universidade de Santiago de Compostela.

Por resolución do mesmo órgano publicada no taboleiro electrónico da USC o 21 de novembro de 2024, publicouse a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas ao proceso.

Rematado o prazo de presentación de emendas, o xerente resolve:

1. Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección.
2. Declarar admitidas e excluídas ás persoas que se relacionan no Anexo I desta resolución.
3. Convocar á persoa que se relaciona no Anexo II deste resolución para a realización do primeiro exercicio (proba de galego), que se celebrará o **xoves, 20 de febreiro ás 10:00 na sede do servizo de Prevención de Riscos Laborais**, Avenida das Ciencias, 6, 3º, Santiago de Compostela.
4. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuarase no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado> , así como en calquera outro que o tribunal estime conveniente

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
O xerente  
Antonio Javier Ferreira Fernández  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/02/2025 09:04:24.

**CSV:** 40CE-BA8E-44E5-9CC2